

O PSdeG lamenta que a Xunta se desmarque tamén do financiamento das Festas de Interese Turístico Galego

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

"Ou non ten autoridade ou non se preocupa polos veciños", salientan os socialistas sobre o Alcalde de Cervo e Vicepresidente da FEGAMP, "que non foi capaz de que o Goberno de dereitas de Feijóo se implicase coa Maruxaina"

"A Xunta está desaparecida, pois non cumpre coas obrigas que ten a principal administración en Galicia, facendo que outras administracións, cun orzamento infinitamente inferior, teñan que suplicala, como é o caso da Deputación de Lugo"

O PSdeG provincial de Lugo lamenta que a Xunta se desmarque tamén do financiamento das Festas de Interese Turístico Galego a pesares de ser a administración galega coas máximas competencias na materia. Os socialistas remarcen que o Goberno de dereitas de Feijóo elude as súas responsabilidades cando non achega nin un só euro para o Arde Lucus, San Froilán ou a Maruxaina.

"Ou non ten autoridade ou non se preocupa polos veciños", remarca o PSdeG, referíndose ó Alcalde de Cervo que, malia tamén ser Vicepresidente da FEGAMP, "non foi capaz de que os seus compañeiros de partido no Goberno de dereitas de Feijóo se implicasen coa celebración da Maruxaina, permitindo que a Xunta, administración galega responsable do financiamento das Festas de Interese Turístico Galego, deixase no olvido ós veciños de Cervo e a todos os profesionais de sectores punteiros da economía luguesa, que impulsan os seus negocios coa celebración deste festexo".

"O Goberno de dereitas de Feijóo fixo que a Xunta estea desaparecida", salientan os socialistas, "pois non cumpre coas obrigas que ten a principal administración en Galicia, facendo que outras administracións, cun orzamento infinitamente inferior, teñan que suplicala". É o caso da Deputación de Lugo, que tivo que asumir en solitario a construción dunha rede de residencias e centros de día públicos que o Executivo de dereitas de Feijóo non apoia, cando si o fai a dotacións para maiores privadas; ó igual que tivo que facerse cargo do financiamento das Axudas no Fogar logo de a Xunta recortase a cero o seu investimento en 66 Concellos lugueses.

Lugo, 28 de agosto de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo